Dorothy Parker

Lamento polos vivos

rinoceronte

Os sexos

O mozo da gravata pintoresca mirou nerviosamente para o sofá, onde estaba a moza do vestido de flocos. Ela estaba a examinar o seu pano da man; parecía que fose a primeira vez que vía algo semellante, tan profundo era o seu interese no material, na forma e nas posibilidades que ofrecía. O mozo carraspeou, sen necesidade e sen éxito, producindo un pequeno ruído sincopado.

–Queres un cigarro? –dixo.

–Non, grazas –respondeu ela–. Moitas grazas de todos os xeitos.

–Lamento ter só desta marca –dixo el–. Tes ti dos teus?

–A verdade é que non sei –respondeu ela–. Probablemente si, grazas.

–Porque se non tes –dixo el– non me custa nada ir ata a esquina e mercarche dos teus.

–Ah, grazas, pero de ningún xeito quero causarche tantas molestias –dixo ela–. Es moi amable ao pensar niso. Moitas grazas.

–Polo amor de Deus, queres deixar de darme as grazas? –dixo el.

–De verdade –dixo ela– que non pensaba que estivese a dicir nada desaxeitado. Se ferín os teus sentimentos laméntoo moitísimo. Sei o que se sente cando feren os

teus sentimentos. Asegúroche que non me dei de conta de que era un insulto dicirlle «grazas» a alguén. Non estou afeita a que a xente me berre por darlle as grazas.

–Eu non che berrei! –dixo el.

–Ai, non? –dixo ela–. Entendo.

–Deus –dixo el–, o único que fixen foi preguntarche simplemente se querías que che fose mercar tabaco. Seica iso é motivo para alporizarse?

–Quen se alporiza? –dixo ela–. Non sabía que fose delito dicir que nin se me ocorrería causarche tantas molestias. Debe de ser que son completamente estúpida ou algo.

–Queres que che vaia mercar tabaco ou non? –dixo el.

–Deus bendito –dixo ela–, se tanta gana tes de ir, por favor non te sintas obrigado a quedar aquí. Non quero que te sintas obrigado a quedar por nada.

–Ai, non sexas así, queres? –dixo el.

–Que non sexa como? –preguntou ela–. Non estou a ser nada.

–Que pasa? –preguntou el.

–Nada –respondeu ela–. Por que?

–Estiveches rara toda a tarde –dixo el–. Case nin me falaches dende que cheguei.

–Lamento moitísimo que non o esteas pasando ben –dixo ela–. Polo amor de Deus, non te sintas obrigado a quedar aquí e aburrirte. Estou segura de que hai millóns de sitios nos que poderías estar pasándoo moito mellor. O único é que lamento un pouco non sabelo antes, máis nada. Cando dixeches que ías vir esta noite cancelei varias citas para ir ao teatro e demais. Pero non importa en absoluto. Prefiro que te vaias e o pases ben. Non é moi agradable estar

aquí sentada e ter a impresión de que estás aburrindo mortalmente a alguén.

–Non me aburro! –dixo el–. Non quero ir a ningures! Ai, rula, non me vas dicir que pasa? Veña, por favor.

–Non teño a menor idea do que falas –dixo ela–. Non pasa nada en absoluto. Non sei a que te refires.

–Si que sabes –dixo el–. Hai algún problema. É por algunha cousa que fixen ou algo?

–Deus me libre de crer que sexa asunto meu nada do que ti fagas –dixo ela–. Nin pola cabeza me pasaría a idea de criticarte.

–Queres deixar de falar así? –dixo el–. Queres, por favor?

–Falar como? –preguntou ela.

–Xa sabes –dixo el–. Era así como falabas hoxe por teléfono. Cando te chamei estabas tan borde que ata medo me daba falar contigo.

–Perdón? –dixo ela–. Como dixeches que estaba?

–Ai, síntoo –dixo el–. Non quería dicir iso. É que me pos moi nervioso.

–Verás –dixo ela–, de verdade que non estou afeita a oír ese tipo de linguaxe. Nunca na miña vida me dixeron algo así.

–Díxenche que o sinto, non? –dixo el–. De verdade, rula, non era a miña intención. Non sei como se me ocorreu dicir algo así. Descúlpame, por favor.

–Ai, por suposto –dixo ela–. Deus, non te sintas obrigado a pedirme escusas. Non ten importancia ningunha. Só se me fai un pouco raro que alguén a quen consideraba un cabaleiro veña á miña casa e use semellante linguaxe comigo, máis nada. Pero non ten a menor importancia.

–Supoño que tanto ten o que che diga –dixo el–. Parece que estás anoxada comigo.

–Que estou anoxada contigo? –dixo ela–. Non sei de onde sacaches esa idea. Por que ía estar anoxada contigo?

–Iso é o que che estou preguntando –dixo el–. Non me vas dicir que fixen? Fixen algo que ferise os teus sentimentos, rula? Estiven todo o día preocupado por como me falaches por teléfono. Non fun capaz de traballar nada.

–Dende logo –dixo ela– non me gustaría ter a sensación de estar a interferir no teu traballo. Sei que hai moreas de rapazas ás que non lles importa facer cousas así, pero a min paréceme horrible. Dende logo non é moi agradable ver como alguén che di que interfires no seu traballo.

–Eu non dixen iso! –dixo el–. Eu non dixen iso!

–Ai, non? –dixo ela–. Vaia, pois foi a impresión que me deu. Será que son estúpida.

–Vai ser mellor que marche –dixo el–, porque non fago nada ao dereito. Todo canto digo parece enfadarte máis e máis. Prefires que marche?

–Por favor, fai o que a ti che apeteza –dixo ela–. Abofé que o último que quero é que quedes aquí cando prefires estar noutro sitio. Por que non vas a algún sitio onde non te aburras? Por que non vas á casa de Florence Leaming? Cónstame que lle encantaría terte alí.

–Non quero ir á casa de Florence Leaming! –dixo el–. Para que ía querer ir á casa de Florence Leaming, se me pon dos nervios?

–Ai, si? –dixo ela–. Pois onte á noite na festa de Elsie non me pareceu que te puxese tanto dos nervios. Fixeime en que nin sequera puideches falar con ninguén máis, de tanto que te poñía dos nervios.

–Si, e sabes por que falaba con ela? –dixo el.

–Pois supoño que porque che parece atractiva –dixo ela–. Supoño que a algunhas persoas llelo parece. É completamente natural. A algunhas persoas parécelles que é bastante guapa.

–Non sei se é guapa ou non –dixo el–. Se a volvese ver nin a recoñecería. Falaba con ela porque onte á noite non me facías nin caso. Fun tentar falar contigo, e só dixeches: «Ah, que tal?», máis nada, «Ah, que tal?», e logo viráchesme as costas e non me miraches.

–Que non te mirei? –dixo ela–. Iso si que ten graza. É marabilloso. Non che importa que ría, verdade?

–Ri canto queiras –dixo el–. Pero non me miraches.

–Resulta que no momento en que entraches na sala –dixo ela– empezaches a facerlle semellante festa a Florence Leaming que pensei que xa non quererías ver a ninguén máis. Parecía que o estabades a pasar tan ben xuntos que por nada do mundo querería entremeterme.

–Deus –dixo el–, a rapaza esa, como se chame, achegóuseme e empezou a falar comigo antes de que eu vise a ninguén máis, e que ía facer? Non lle ía dar unha pancada no fociño, ou?

–Dende logo non vin que o intentases –dixo ela.

–Viches que intentei falar contigo, non? –dixo el–. E que fixeches? «Ah, que tal.» Entón esa como se chame achegouse de novo e aí quedei, atrapado. Florence Leaming! Paréceme horrible. Sabes o que penso dela? Creo que é máis parva ca feita de encarga. Velaí o que penso dela.

–Xa, claro –dixo ela–, esa é a impresión que sempre me deu a min, pero non sei. A algunhas persoas oínlles dicir que é guapa. De verdade que o oín.

–Pois estando no mesmo cuarto ca ti non pode ser guapa –dixo el.

–Ten un nariz rarísimo –dixo ela–. De verdade que me dá mágoa que unha rapaza teña un nariz así.

–Ten un nariz horrible –dixo el–. Mentres que ti tes un nariz moi bonito. Tes un nariz precioso.

–Ai, non tal –dixo ela–. Estás tolo.

–E uns ollos preciosos –dixo el–, e un pelo precioso e unha boca preciosa. E unhas mans preciosas. Déixame coller unha desas manciñas. Ai, mira que manciña! Quen ten as mans máis bonitas do mundo? Quen é a rapaza máis adorable do mundo?

–Non sei –dixo ela–. Quen?

–Non sabes! –dixo el–. Claro que o sabes.

–Non sei –dixo ela–. Quen? Florence Leaming?

–Ai, que vai ser Florence Leaming! –dixo el–. Mira que enfadarse por Florence Leaming! E eu sen durmir en toda a noite e sen ser capaz de traballar en todo o día porque non me falabas! Unha moza coma ti enfadándose por unha moza coma Florence Leaming!

–Estás completamente tolo –dixo ela–. Non estaba enfadada! Que raio che fixo pensar iso? Estás tolo de todo. Ai, coidado co meu colar de perlas novo! Agarda un momento a que o quite. Xa está!